

Edición xeral

HOMENAXE EN COMPOSTELA

Pousa Antelo, o galeguismo a cabalo de dous séculos

O Teatro Principal de Santiago acolle a presentación dun libro-dvd con lembranzas e reflexións que renden tributo ao histórico galeguista.

Redacción - 19:00 14/05/2009

Con 95 anos ás súas costas, Avelino Pousa Antelo (Arzón-A Baña, 1914) será homenaxeado este xoves en Santiago de Compostela. O Teatro Principal acollerá ás 20:00 este acto no que se presentará un libro e un documental sobre a vida e a obra deste galeguista histórico e no que intervirán ademais do propio homenaxeado, Mini e Mero, David Otero e Xan Leira.

O libro e documental, que levan por título *Lembranzas e reflexións de Avelino Pousa Antelo*, son obra de [Acuarela Comunicación](#). Parten dunha entrevista feita ao intelectual hai xa uns anos, ademais dun traballo de investigación que contou coa achega das persoas que o coñecen e que conviviron con el ao longo da súa vida. Así aborda diferentes eidos da actividade pública de Antelo: no ensino, no cooperativismo, na súa actividade política ou as súas propias reflexións máis persoais.

Para achegarse á figura de Pousa Antelo, recomendámosvos a entrevista que lle facía Vieiros hai case un ano e medio, na que convidaba a enfrontar o futuro recordando as loitas de Castelao, Bóveda e tantos outros, sen desfalecer nas conviccións galeguistas.

- **Entrevista a Avelino Pousa Antelo: ["Hai que ter a constancia dos homes máis importantes da nosa historia"](#) (22/11/2007)**

Novas relacionadas

- [Avelino Pousa Antelo gaña o VII Premio Ramón Piñeiro 'Facer país'](#)
- ["Hai que ter a constancia dos homes máis importantes da nosa historia"](#)
- [Avelino Pousa Antelo, da estirpe dos bos e xenerosos](#)
- [A Xunta premia a Pousa Antelo coa Medalla Castelao](#)